

O ESPIGONCIÑO

Detras Galegas

2022



Colexio de Cariño
50
Aniversario



Florencia
Delgado
Gurrutxan

Zeltia
6º B

78

Maio 2022



Toda esta etapa foi unha experiencia maravillosa e inolvidable. Dame moita pena despedirme dela. Comezamos moi ilusionados en Educación Infantil, coñecéndonos todos os compañeiros e celebrando os cumpreanos. O que imos a recordar con tristeza vai aser 4º, xa que aí comezou a pandemia. Estivemos todos confinados, e era un fastidio. Tiñamos que facer as tarefas por videoconferencia, e non podiamos saír á rúa. De todos os xeitos ímolo estimar moito todo, xa que aínda que tivemos que estudar moito, tamén disfrutamos moitísimo.

Candela Pérez, 6ºA

Este texto é unha despedida, unha despedida a este cole. Dende infantil sempre tiveron moi bos recordos, onde coñecín aos meus compañeiros e amigos. Cando empezamos primaria, lembro que se nos fixo difícil, xa que tiñamos que estar moito tempo sentados na mesa, cousa á que non estabamos acostumbrados. 3º e 4º foron quizáis os anos máis difíciles, cos primeiros exames onde o pasaba mal pensando que non sería quen de afrontalo. Agora riome pensando niso. En Marzo do 2020 mandáronnos para a casa; declarárase a pandemia. Tivemos que rematar o curso online, cousa para a que ningún de nós estaba preparado. En 5º comezamos as clases presenciais, pero foi un momento duro, xa que tivemos que levar ata o día de hoxe, máscara.

Teño moi bos recordos de todos os meus mestres e mestras, dende infantil ata hoxe, 6º, onde finaliza a nosa etapa neste cole, pero de onde me levo os mellores amigos.

Daniela Costa, 6ºA

Tiñamos 3 anos cando comezamos o cole, aquel seembro do 2013. A maioría estabamos noi nerviosos e chorabamos, pero co paso do tempo fixémonos amigos e compartimos xogos e vivencias. Coas nosas profes de infantil comezamos a facer os nosos primeiros números e letras. Co paso a primaria, comezaron os exercicios, exames e estudio para eles. Tamén pasamos pola declaración da pandemia, a partir de aí tivemos que traballar dende casa. Na última etapa tamén pasaron cousas importantes, como a división da clase en A e B, o levar máscara para ir a clase,...

Xa estamos ás portas do instituto. No cole medrei e aprendín moitas cousas e espero que nesta nova etapa que imos comezar sexa igual de boa para todos nós

Miguel Iglesias, 6ºA

No meu paso polo colexio aprendín moitas cousas, divirtínme e coñecín aos que agora son os meus amigos... Aínda me lembro dos primeiros días no cole e das antigas profes e aulas. Boto de menos as excursións que se facían antes da Covid-19, agora fanse moi poucas!

Espero que me vaia ben no Instituto e que coñeza novas persoas.

Carolina Novo Armada, 6º B

Pasei neste colexio 9 anos nos que aprendín moitas cousas. Traballei, pero tamén me divirtín coas actividades e xogos que faciamos, como as xincanas ou o Magosto.

Fáiseme un pouco rato deixar o colexio este ano e ter que marchar para o Instituto porque teño mois bos recordos do tempo que pasei aquí. Vou botar de menos aos profes que me deron clase porque sempre foron moi bos e ensináronme moitas cousas.

Lembrarvos que este ano o Día das Letras Galegas está dedicado a Florencio Manuel Delgado Gurriarán pola súa contribución á defensa do idioma e da nosa cultura. No interior deste xornal contámosvos moitas máis cousas sobre a súa vida para que o coñezades mellor. Desexamos que gocedes coa súa lectura!!!

Sofía Vila Posada, 6º B

Índice

Proxecto: Facemos un bolso.....	4
Oficios do pasado: O pregoeiro.....	8
CONTO: superheroe Martín.....	12
Interpretación dun cadro.....	16
O Proxecto LÓVA no noso cole.....	17
Proxecto: a enerxía.....	20
Entrevista a Daria e Dima.....	24
Letras galegas: Florencio Manuel Delgado Gurriarán.....	26
Entrevista a Mundo, o primeiro conserxe do noso cole.....	28
Actividades Inglés.....	33
Equipo da Biblioteca.....	40
Equipo de Dinamización da Lingua Galega.....	49
Cinquenta anos con Cariño.....	51
Un logo para o cole de Cariño.....	54
Pasatempos.....	57

FACEMOS UN BOLSO

A N U D A (NGEL)
A COSTUREIRA



AA' PARA
OFICIO
A (RUMBA)
O O R E O
CONECER
TOU
DA COSTUREIRA



O I O O O
COSIMOS
(LEO)
N O S O S
NOSO BOLSO



1

1º A O E O U A T A
 A PROFE CORTOU A TELA (MARTINA)

2º M A A O A A M A
 ENFIAMOS A AGULLA (EMMA)



3º O S D A T A (ALBA)
 COSINOS A TELA



2



4^o ADORANDOS
 ADORNAMOS
 NOSO
 OM(LIA)
 CO
 NOME



5^o AA
 A PROFE
 LA
 UNHA
 PARA
 COLGALO
 (DAMIÁN)
 DOKO

3

E X A F A I D (A L A N A)
E X A E S T A L I S T O



4

42

EDUCACIÓN (XIAO)
INFANTIL (CLAUDIA)

O PREGOEIRO

O PREGOEIRO
 VL^E N^{PL} EA^D O^P Ú^{BR} TIO,
 QUE SE M^ARGABA DE
 DIFUNDR DEVIA
 VO^Z AS NOTCIAS IN^{PV}RO
 TANTES QUE AF^{EL} TAV^{BA}
 OS C^DNS (CEDADANS)
 OPRINCIO^{PI} DOS PRELLO^G NES
 COMENCAVAN CON DOUS
 OU TRES SONIDOS
 DE TRONPETA



A LEVA^{CT} QUE AIA^{BR} EL
 PREON^G ERA DA SEINTE^{GU}



FORMA:
 "DE ORDE DO SEÑOR
 ALDE ^{CAL} FAISE SAVER..."
 OU "DE PARTE DO SEÑOR
 ALCALDE..."

CANDO SOABA A TROMPETILLA,
 FACIAN ENTRE ^E ^D ^R QUE
 ÍAM LER UN ANO ^B ^D E

^{PI} RAVAMEA ^{NTE}
^C AUMULAVANSE ^B
 OS RAPIOS ^{AR} ^G
 EUSANASOS. ^{NT} ^I SM ^D



EN MOITOS CASOS

OS POEIRO^{RG}S ÍAN VESTIDOS^R
 CON GORRA E UNIFORME^N
 OFICIAL O QUE DENOTABAN
 MAIOR SERIEDADE E
 A DEMAS POÍAN^D TAMEN
 DIVULGAR
 NOTICIAS
 DE TIPO
 PRIADO COMO A CHEADA^G
 DE COMERCIANES, DE^T
 MÉDICOS OU DE
 LAQUERA^L AIVIDADE^{CT}



QUIR^A OU LÚDICA
AGI^{au} ESTAMOS
OS
PREGOEIRS



5º EDUCACIÓN INFANTIL

SUPERHÉROE MARTÍN

Hacía unha vez, un neno chamado
Martín que tiña un superpoder chamado
a todos os nenos

Un día Martín viu a un neno
chamado Olab agando e molestado

a outro neno. Martín separounos e
preguntoulles que parara.



O memo requireme esgrando dugoee
 que oloj pegoracee porqie quia o
 seu loche



mosten comelou ao memo e foi falar
 con oloj. Explicoulle que
 tinha que pedir as cousas por
 favor ser carinoso e ser amigoso



Ora q' púñese p'ndon e d'palle que
seria Leon



Dexa ye d'ja Martin

finco unha pouma manica

con auga, amon e pesos miguos de abrazos
e botaballa ser menos que se portas
mal



Marta e Gustave no superhero da Gustad.



ALEX Lora ^{NOVA ADAM}
 Arturo Rana LUAR Uela
 Mia Julia X-eal Dant
 Mariana Letta Sofia
 Sheyla Diego Julem
 Valerina
 Yekaterina 6º EI

1º EDUCACIÓN PRIMARIA



O SUPERCADRO

Este cadro foi desexado polos meus amigos e eu.
 nel aparecen varios elementos
 como poder ser: os amigos, os
 animais da escola.
 Queriamos transmitir a chegada
 do verán onde podemos saír a
 pasear cos amigos e as nosas
 familias e mascotas, xogar
 comer toira e desfrutar da
 luz de carón.

O PROXECTO **LÓVA** NO NOSO COLE

Na clase de 3º creamos unha compañía de ópera dentro do proxecto LÓVA:
Somos **Familiformi Compañía de Ópera**.

Asumimos o enorme reto de crear unha pequena peza teatral con composición musical partindo de cero. Queremos contarvos como está sendo o proceso de creación.



1. Investigamos que é, e formamos unha Compañía de Ópera.



2. Buscamos un nome e un logo que nos identificaran.



3. Fixemos dinámicas de grupo



4. Superamos algúns retos (non todos..)



5. Reflexionamos cada día




6. Buscamos un tema importante




7. Coñecemos as profesións necesarias



8. Eleximos a nosa profesión



9. Creamos cinco personaxes con diferentes cualidades



10. Empezamos a escribir o libreto

Ao rematar o libreto, hai que centrarse no traballo por oficios e ensaiar moito. O traballo por oficios é o que máis nos gusta de todo o proceso. Non sempre é fácil entenderse cos compañeiros e compañeiras pero hai que chegar a acordos se queremos rematar a nosa ópera.

Estrenaremos no cole o día 14 de xuño e recibiredes a vosa invitación para asistir. Encantaríanos que viñerades!

Este é o noso logo!!!



Somos FAMILIFORMI Compañía de Ópera!!

O nome resulta da unión de "AS FORMIGAS" e "A FAMILIA", que foron os nomes que máis gustaron. As formigas, porque son o mellor exemplo de traballo en equipo. E a familia porque sempre está unida.

O noso lema é "Remar xuntos" para conseguir retos e temos un remo para para que non esquecelo.



Alumnos e alumnas de 3ºA



Na clase de 4º Primaria convertémonos durante uns días en superheroes para intentar salvar ao noso planeta da contaminación, queredes descubrir como?



1ª FASE

Na primeira fase construímos uns elementos para coñecer un pouco máis as diferentes fontes de enerxía que podemos atopar na natureza.



Queres saber máis sobre as fontes de enerxía?
Escanea o código QR cunha tableta ou móbil.



ZAFASE

Nesta seguinte fase chegou o momento de probar os nosos aparellos.

Intenta adiviñar o tipo de enerxía utilizado en cada un deles!

”
Aparello: Casa solar
Enerxía utilizada:



Aparello: Turbina
Enerxía utilizada:

Aparello: Aeroxerador
Enerxía utilizada:



3ª FASE

Nesta última misión os equipos tiveron que construír un coche utilizando enerxías alternativas.

COCHE SOLAR



COCHE GLOBO

COCHE VELA

Finalmente,
probamos cal foi o
máis eficiente!



Quen gañou a carreira?

O COCHE GLOBO

ENTREVISTA A DARIA Y A DIMA. 5º EP




Os nenos e nenas de 5o de primaria estamos moi ilusionado cos nosos compañeiros e compañeiras ucraínos e decidimos entrevistalos. Na nosa clase entrevistaremos a Dmytro y a Daria:

- *Entrevistador- Que vos parece o noso país? Que opinades do pobo de Cariño? Estadades contentos?*
- *Daria - España é un país precioso e gústame moito estar aquí. Ten vistas moi bonitas, árbores e natureza.*
- *Dmytro- España é moi bonita.*
- *Entrevistadora - Gústanche as nosas linguas?*
- *Dmytro - Sí!*
- *Daria- Encántame, estudar español, é fermoso.*
- *Entrevistador - Cal é o voso animal favorito? E a vosa cor preferida?*
- *Dmytro - O meu animal preferido é gato e a cor, laranxa.*
- *Daria- Gústanme as serpes e os lobos e de cor, negro*
- *Entrevistadora - Que queredes ser de maiores?*
- *Dmytro - Eu quero ser futbolista.*
- *Daria- Eu quero ser deseñadora de interiores.*



- Entrevistador - Que é o que máis che gusta do colexio? A xente vos trata ben?
- Dmytro - O recreo. Si moi ben, nos tratan ben.
- Daria- Esta escola é moi bonita, si moi ben.
- Entrevistadora - Gústavos ler? Cal é o voso libro favorito?
- Dmytro - Si. O meu libro preferido é Harry Potter.
- Daria- Gústame ler todos os libros, o meu libro favorito é Harry Potter.
- Entrevistador - Que vos parece a forma na que estamos sentados? Os gusta estar con outra persoa ao lado?
- Dmytro - Estou moi contento.
- Daria- Está moi ben.
- Entrevistadora - Cantos idiomas falades?
- Dmytro -Falo ruso e un algo de inglés, pero estudio 4 idiomas a día de hoxe.
- Daria- Falo ruso, ucraniano, un pouco de español, algo de francés e inglés...
- Entrevistador - De que parte de Ucraña sodes?
- Dmytro -Odessa.
- Daria- De Odessa.
- Entrevistadora - Tedes ganas de aprender as nosas linguas?
- Dmytro - Si.
- Daria- Si, estou estudando español.
- Entrevistador - Gústavos o cine? Cal é a vosa película preferida?
- Dmytro -Si, gústame o cine, a miña peli favorita é Harry Potter
- Daria- Eu penso o mesmo, a miña película preferida tamén é Harry Potter.



Florencio Delgado Gurriarán

Florencio Manuel nace en **Córgomo**, Concello de Vilamartín de Valdeorras (Ourense), en agosto de 1903, no seo dunha familia valdeorresa. O pai de FDG, tamén Florencio, que era perito agrónomo, obrigou a familia a continuos traslados, desde que «Florenciño» tiña seis anos: Ourense, Palencia e Valladolid. Nesta última cidade comeza estudos universitarios de dereito. Alá espertou cara ao «protonacionalismo» ao ler o xornal *A Nosa Terra*, voceiro das Irmandades da Fala. Estamos a falar do treito temporal entre 1918 e 1924. Anteriormente lera a Rosalía, Curros e Cabanillas na biblioteca familiar de Córigo, onde tan só acudía os veráns. Estas lecturas espertaran a súa vocación poética.

No ano 1928 retorna a Valdeorras. Nesta volta comeza a súa obra poética e vai ver a luz en diferentes xornais e revistas como *Heraldo de Galicia*, *A Nosa Terra*... Tamén participa nas estruturas asociativas de Córigo: organizaba festas, promovía actividades culturais...

FDG comezaría a actividade política organizada por medio das Irmandades. Daquela botou a andar a **Irmandade Galeguista Valdeorresa**, da que FDG formaba parte como representante de Córigo. Naquel 1930 tamén comezaría a celebrarse en Valdeorras a «Diada de Galiza».

No final de 1931, xa tiña escrito poemas de interese sociolingüístico e político.

No 1934, chega o primeiro éxito literario de FDG coa publicación da súa escolma de poesías **Bebedeira**, editado por Nós, con portada de Castro Arines, discípulo de Castelao e galeguista. Flora, cromática da paisaxe valdeorresa, castiñeiros, vento, noite, amoríos, cepeiras, lúa, paxaros, moceo, viño, cores estacionais... en conversa permanente, ligados cun ritmo e unha rima especial. Tivo unha notable acollida da crítica. Carballo Calero, Otero Pedrayo, Xohán L. Ramos e Antón Vilar Ponte deixaron positivas palabras do poemario.

Logo do golpe de estado de 1936, víuse obrigado a migrar a diferentes cidades coma Porto, Bordeos, Barcelona,...

Colabora en **Nueva Galicia** con poemas de combate, baixo o pseudónimo Nadel, que en alemán significa “agulla”.

FDG, entre outros poucos galegos, principiando 1939, pasou a Francia, o que lle permitiu mobilidade. Alá, entre París e a franxa sur, con Valenzuela, Pla e Ramiro Isla, sacaron galegos dos campos de concentración do sur de Francia. Finalmente, conseguiron financiar o **Ipanema**, barco onde moitos galegos puideron recalar en Veracruz o día de San Fermín, con FDG entre os mil pasaxeiros.



Xa en México, en 1943, cun fondo significado político, destaca a saída do **Cancioneiro de loita galega**. Un conxunto de poemas homenaxeando os galeguistas asasinados polo franquismo.

En 1946, FDG preséntase a un concurso de **traducións de poemas ingleses e franceses ao galego**, e gaña o certame xunto a Luís Tobío e Plácido R. Castro, os que van ver publicados os seus poemas en 1949.

Con Xohán López Durá, FDG negociou, redactou e asinou o pacto **Galeuzca** (1944). Naquel 1944 casou con Celia, filla de emigrantes galegos e pasou a residir en Guadalajara (Nueva Galicia, Jalisco) en 1951. Salientamos o papel de FDG como figura integradora e unitaria dentro do corpo activo do exilio, sen perder a identidade galeguista.

Desde a súa forzada marcha, o primeiro traballo publicado en Galicia foi o poema «**Bocarribeira valdeorresa**», que aparece na revista Peña Trevinca-Montañeros de Galicia, en 1948. Froito do contacto con Galaxia, edita o seu segundo poemario, **Galicia infinda** (1963).

Daquela comeza a pensar no retorno ao país e visitou tres veces Valdeorras. Foi nomeado académico correspondente na RAG, pregoeiro na capital valdeorresa e membro de mérito do Instituto de Estudos Valdeorreses. Publicou **Cantarenas** (1981) baixo o patrocinio do IEV e **Isaac Díaz Pardo**. Este último, foi tamén quen pulou por **O soño do guieiro** (1986), derradeira obra deste poeta valdeorrés.

Faleceu en Fair Oaks (California) o 14 e maio de 1987.

Este poeta moderno, bailón, «musiqueiro», cantador de tangos, fados, milongas, rancheiras, repeniqueador, namoreiro... e sobre todo sensible e agradecido. Naquela primavera que se foi, levou no peto un itinerario vital de compromiso coa terra, preñado de ética e dignidade persoal.

Clase 6ºA

ENTREVISTA: MUNDO

Se a unha persoa que tivera formado parte da comunidade educativa do CEIP Manuel Fraga Iribarne lle preguntan quen é Mundo seguro que sabería dar a resposta. Porque Veremundo Varela Bermúdez, coñecido familiarmente como Mundo, foi o conserxe con maiúsculas. Está claro que outras persoas lle sucederon no posto de xeito igual de meritório, pero Mundo era algo máis que un conserxe e gañou o aprecio de todos e todas os/as que formamos parte deste centro educativo antes da súa xubilación. Podemos asegurar sen temor a equivocarnos que tanto o alumnado coma o profesorado que conviviu con el no centro garda unha grata lembranza da súa persoa. Por este motivo, no 50 aniversario da creación do colexio de Cariño, os alumnos e alumnas de 6º B quixemos rememorar con el os inicios da actividade do noso centro educativo, así como todo o que el viviu nos 27 anos de traballo no mesmo.



Alumnos/as: Empezaches a traballar aquí cando se abriu o colexio no ano 1972?

Mundo: Empecei antes, aínda tardaron unha temporediña en vir os profesores. Acabaron a obra, vin para aquí e fun limpando todo coa axuda da miña muller. Os primeiros alumnos/as que viñeron foron os de Cariño.

Alumnos/as: Cantos anos tiñas?

Mundo: Tiña 37 anos.

Alumnos/as: Cantos anos traballaches no colexio?

Mundo: Traballei 27 anos.

Alumnos/as: Fai moito tempo que te xubilaches?

Mundo: Xubileime no 2000, así que hai ... 22 anos.

Alumnos/as: Gustábache traballar no colexio?

Mundo: Pois si. Gustábanme máis os nenos que as persoas maiores. Os nenos son inocentes.

Alumnos/as: Estás satisfeito do teu traballo como conserxe?

Mundo: Unhas épocas máis que outras. Cando empecei tiña que encargarme tamén da limpeza, dos cristais... pertencíamos ao Concello de Ortigueira e asignáronme moitas funcións que non me correspondían.

Este escolar era o máis porco da comarca porque cada vez que subían os pequenos do recreo tiña que varrer as escaleiras e quitaba dous ou tres recolletores de area. Tiven que encargarme da limpeza ata que aprobei a oposición e pasei a ser funcionario.

Alumnos/as: Era difícil exercer de conserxe?

Mundo: Pois non. Eu tiña as miñas responsabilidades, pero a máis grande, que é a dos nenos/as, era dos profesores. O peor do meu traballo era que cando os profesores estaban de garda por fóra, mandaban aos pequenos castigados para xunta min, xuntaba 3 ou 4 castigados e non me gustaba. Canseime e dixen: "Para xunta Mundo non volven castigados máis pequenos", e entón ía facer outro traballo. Aos rapaces castigábanos sobre todo porque pelexaban, pero para eles

non era un castigo moi grande vir para xunta min.

Alumnos/as: Se tiveses que elixir profesión agora, repetirías?

Mundo: Siiiiiii.

Alumnos/as: Podes contarnos como era o teu traballo?

Mundo: Pola mañá antes de que chegaran os profesores tiña que acender a calefacción, abrir as portas para que se meteran os cativos dentro, mantiña limpa a caldeira, facíalle revisións... A caldeira deste colexio foi a última da provincia da Coruña que deixou de traballar con fuel, houboa que cambiar porque perdía por todos os lados. Lembro que me dicían os do Ministerio por que pedía tantas cousas para o colexio e eu respondía: "Porque é o meu pobo!".

Durante un montón de anos, se algún neno tiña dificultades para acceder ao autobús, era eu quen me encargada de subilo e baixalo, tamén había implicación dos titores e do condutor, Antonio Farruco.

Alumnos/as: Antes de que houbera sirena, como se avisaba da hora do recreo e da saída?

Mundo: Jajaja. Cun chifre. Tocábo desde abaixo, facía resonancia polas escaleiras e oíase en todo o colexio. Tamén é certo que os cativos estaban á ollada. A primeira sirena instaleina eu, tamén a caseta meteorolóxica, o anemómetro...

Cando se facían exposicións, axudáballes aos rapaces a traer as cousas, lembro que aquí houbera unha exposición de plantas, os pequenos non podían con elas e traíallelas eu.

Alumnos/as: Había moitos alumnos/as no colexio?

Mundo: Uffffff, había cativos espesos! Moitos, moitos, máis de oitocentos! Máis de cen xa os había no comedor e en Infantil, sen contar a unidade da Pedra que foi a última en integrarse no colexio.

Alumnos/as: Que destacarías dos primeiros anos do colexio?

Mundo: Que eu era novo e dábame tempo a todo, había que facer o que se podía. Había clases que non tiñan armarios, nin cadeiras... Casualmente, un día veu un camión cargado de mesas usadas para o colexio, traíanas de San Caetano. Traía tamén armarios e preguntoume o chofer onde os podería tirar e eu díxenlle que non os tirara, que tamén tiñamos falta deles e deixounos. A dous xa lles plantei lume fóra porque non valían para nada, pero outros repareinos. E aquelas culleres que había antes de aluminio que non se daban limpo, pasábamos moito tempo fregando nelas, viña a noite e aínda estabamos fregando, e iso que a miña muller coñecía a maneira de limpalas para que brillaran, que era botarlles xabón corrente. Pero... moi ben todo.

Alumnos/as: Como era a túa relación coa rapazada? E co profesorado?

Mundo: Eu creo que moi boa, eu facíao o mellor que podía, pero había tantos que ao mellor non simpatizabas con algún. Houbo moito profesorado, todos moi bos e moi tratables. Onde mellor se vía a boa relación era no comedor, iso era outra vida. Había un ambiente estupendo!

Alumnos/as: Gardas un recordo especial dalgún deles?

Mundo: Especialísimo. Coñecedes as escaleiras que hai no patio cuberto? Un alumno que se retrasou, fixo a mona, colgouse no pasamáns, caeu abaixo de pé e rompeulle a perna por aquí (*sinala o fémur*) e saíulle o óso por aquí (*sinala enriba da pelve*). Ninguén se atreveu a collelo e en vez de chamar ao director ou aos mestres, viñéronme buscar a min porque tiña os ósos ao aire. Cando cheguei alí, tapeino e chamei á clínica. Cousas de cativos, ao mellor para chamar a atención dalgunha rapaza. Eu que sei! A verdade é que tiña bo ollo clínico, sempre me consultaban sobre as feridas que se facían os nenos/as.

Alumnos/as: Dixéronos que antes había comedor, comían moitos nenos/as?

Mundo: Moitos, a Dirección terá datos exactos, pero eu lembro que eran moitos. Cando abriu trouxeran 30 mesas de 4 e houbo que coller mesas das aulas porque non

chegaban. Chegamos a superar os 220! Aquí o comedor estaba bárbaro, pasabámolo ben. Daba gusto traballar cando había comedor. Os nenos/as maiores baixaban voluntariamente no recreo para poñer as mesas e ocupábanse tamén de servir e de recoller os pratos. Se sobrava comida podía ser repetir. Os profesores facían garda tanto no comedor como no patio.

Alumnos/as: Como funcionaba o comedor?

Mundo: Os profesores encargados de comedor elaboraban o menú. Non había moitos aparatos dos que chegou a haber anos despois e que foron de gran axuda, como por exemplo o pelapatacas: cando veu o asunto cambiou porque aforraba moito traballo. Había unha ola enorme para facer a sopa, o caldo, o cocido... As mulleres da cociña traballaban moito, non daban feito, todo o día frega que frega.

Eu estaba na fiestra que había na parte central do comedor, as colaboradoras recollían as mesas e ían depositando os pratos na ventá para que eu os recollera cara a cociña. Despois poñían a mesa dos profes de garda e dos encargados de servir e comían.

Aos nenos/as costáballes adaptarse ás novidades, por exemplo cando se empezou a dar salsa de tomate, ao principio non a querían, pero así que se afixeron a ela non chegaba, encantáballes! Gustáballes tanto que llela pedían aos pais e os ultramarinos da zona

notaron como aumentaba a súa venda. O mesmo pasou co touciño, tampouco o querían nas lentellas ou na potaxe, pero sabía mellor se a levaba, entón a cociñeira triturábaa, botábaa na ola e consoláballes.

Alumnos/as: Quen traballaba na cociña?

Mundo: A cociñeira era Carmen, de Sismundi, e a miña muller, Maruja, era a axudante. Anos máis tarde Maruja pasou a ser cociñeira e a axudante a súa nai, Luna. Había moitos cativos a comer e elas soas a traballar... Como vos dixen antes, eu axudáballes a recoller os pratos, pero había que fregalos un a un porque non había lavalouzas. Nos momentos libres pelaban patacas, metían auga na neveira para o día seguinte...

Alumnos/as: Que feitos destacarías da túa vida como conserxe?

Mundo: Todo... Traballei moito, pero estiven moi ben, eu levábame ben coa xente e a xente levábase ben comigo.

Alumnos/as: Botaches de menos o cole nos primeiros anos de xubilado?

Mundo: Ai botei! Levábame sempre á mesma hora e ata que pasaron 5 anos, máis ou menos, pensaba que estaba aquí no colexio. A vida era distinta.

Alumnos/as: Tes algunha ou algunhas anécdotas que nos queiras contar?

Mundo: Un día díxome o director que estivera pendente porque ía chegar un profesor novo a

cubrir unha baixa. Vin chegar un home sangrando pola cara e coas mans tamén cheas de sangue, acerqueime a el e díxome que era o mestre que viña para o colexio. Eu asombreime e díxenlle: "Vén para o colexio así? Aiii, espere aquí que vou chamar ao director!".

Baixou o director e o suposto profesor explicounos que viña no coche de liña e tiveran un accidente, entón o director díxolle que primeiro fora ao médico e despois xa viría para o colexio. Non sei que pasou, pero non o volvemos ver!



Conclúe a entrevista dicindo que agora os nenos e as nenas son menos conflitivos/as que antes. Nos tempos que el viviu os alumnos estaban no Centro ata os 14 anos se aprobaban sempre, e se non ata os 16, co cal había moitos/as aos/ás que non lles gustaba estudar e só viñan ao colexio porque os obrigaban, polo que ás veces o seu comportamento e a convivencia na aula era difícil. Incluso lembra que cando abriu o Centro, antes de que se iniciase 8º curso, houbo un período no que se agrupou ao alumnado que xa non tiña posibilidade de alcanzar o Graduado Escolar nunha única aula coa finalidade de que obtivesen o Certificado de Estudos Primarios.

Moitas grazas Mundo, foi un pracer compartir contigo esta conversa, pasamos un momento moi agradable!!!

Alumnas e alumnos de 6ºB



The Animals

(2ºA)



A cow by VALERIA




A pig by NICOLÁS



A cat by ELSA



A cat by ADAY




A fish by MATEO



A sheep by DEVID




Two horses by SABELA



A hen by ERIKA



A lion by AINOA



Three fish by LOLA



A pig by LUCIA



A giraffe by KHLOE



A pig by ESTELA

When I grow up I want to be...

(Alumnado de 6º E.P.)

'When I grow up I want to be a tennis player.
A tennis player must train and play tennis
matches. You must run fast and be strong'.

By Florin Bogdan Cihorean



'When I grow up I want to be a policeman.
A policeman must be brave and fast. You
must like solving crimes'.

By Aimar Balado

'When I grow up I want to be a football
player.
I want my team to be Betis and to be with the
team for many years.
I must protect the ball from rivals in order to
be the title holder'.

By Diego Armada



'When I grow up I want to be a programmer because it is
interesting.
You can create games and web-pages. In this job you
must know more than three programming languages.
This job is very hard because you are looking at the
screen all day
I might create a company. At the moment it is a dream but
I will get it someday'.

By Arsenii Poldiva

'When I grow up I want to be a great heart
doctor. I also want to be a famous lawyer'.

By Maroua Aktaou





'When I grow up I want to be a famous vet.
I am going to help animals for free.
I want to work and have my own clinic'.

By Raouane Aktaou

'When I grow up I want to be a teacher.
A teacher must teach and learn from their
students.
You must be very good at what you give
and be very smart.'

By Miguel Iglesias



'When I grow up I want to be a teacher.
A teacher must teach these dumb kids how
to do things or learn something.
I must be smart and work hard.
I might be kind with them if they aren't
stupid'.

By Raúl Villasuso

'When I grow up I want to be an
international horse rider.
An international horse rider must love
horses and know how to lead the horse.
You must know that you learn from falls'.

By Daniela Castro



'When I grow up I want to be a football
player.
A football player must train a lot and play
football matches.
You must be fast and speak English.
I might play in Betis'.

By Kevin García



'When I grow up I want to be a basketball
player.
A basketball player must train and play
basketball matches.
You must run fast and must be tall.
I might play in The Lakers'.

By Kira Deus



'When I grow up I want to be a sailor.
A sailor must travel and compete. You must
swim and have balance. I might win some
competition'.

By Hugo López



'When I grow up I want to be a fire fighter.
A fire fighter must extinguish fires and save lives.
You must be brave and not be scared of heights'.

By Alexandre Luaces



'When I grow up I want to be a painter.
A painter must draw well'.

By Zeltia Quiza



'When I grow up I want to be a lorry driver.
A lorry driver must drive to many places and deliver all types of things.
You must know how to drive a lorry'.

By Kevin Quiza



'When I grow up I want to be a biologist .
A biologist must study animals.
You must be patient and interested in animals'.

By Pablo Vázquez



'When I grow up I want to be a train driver.
A train driver must have a train licence'.

Ángel Peña



'When I grow up I want to be a panda bear keeper
A panda bear keeper must care for pandas.
You must be patient'.

By Sofia Vila

'I want to be a football player. I must play football very well and train every day. I must be hard-working'.

By Samuel Rodríguez



'When I grow up I want to be a teacher. A teacher must teach and create exams to give to children. A teacher must be patient'.

By Carolina Novo

'When I grow up I want to be a nurse. A nurse must vaccinate. You must be patient'.

By Patricia Varela



'When I grow up I want to be a wrestler. A wrestler must train and fight. you must be over 18 years old'.

By Ismael Yáñez

'When I grow up I want to be a teacher. A teacher must make exams and teach Maths, English, Spanish and Arts'.

By Zaira Rubido



'When I grow up I want to be a cyclist. A cyclist must cycle'.

By Xabi López



Bibliotecas
escolares
de Galicia



BIBLIOTECA

Actividades propostas
polo equipo de biblioteca,
realizadas polo alumnado
do cole.



DÍA DAS BIBLIOTECAS

Multileo recibe na biblioteca a todos os alumnos.



- **GAÑADORES DO CONCURSO DE MARCA PÁXINAS , REALIZADOS EN COLABORACIÓN CA BIBLIOTECA MUNICIPAL.**



AINOA (2º E.P.)



SABELA (3º E.P.)



LOLA (6º E.I.)



CAROLINA (6º E.P.)

MAGOSTO

Baixo o título "**LIMPAMOS O BICO CUN REFRÁN**"

Serigrafiamos en panos de mesa varios refráns relacionados co proxecto do centro deste curso, "**Remexendo no pasado**". Solicitámolos aos alumnos

Os refráns elixidos foron:

1. . Se ves as estrela brillar, sal, mariñeiro, ó mar.
2. . Gaiteiro pago, nunca ven toca.
3. . Costureira sen dedal cose pouco e cose mal.



DÍA DE ROSALÍA

Os nenos/as serán recibidos por unha "Rosalía" moi especial. Trasladamos un recuncho da nosa biblioteca ao século XIX e alí sementaremos os seus pensamentos, pensamentos dunha GRAN MULLER. Os nenos/as declamaron algunhas das súas poesías e prantaron un pensamento, unha flor.





SEMANA DA PRENSA

Recibimos o xornalista de El Progreso, **Xabier Lombardero**. Estivo con nós explicándonos e aclarándonos moitas aspectos do xornalismo e dos xornalistas, así como contestando a todas as nosas curiosidades, que foron moitas e moi interesantes.



O Progreso dedicounos unha páxina do seu Suplemento. Sentímonos moi ledos e importantes. Grazas!!!



“TRABALLAMOS COS XORNAIS NA NOSA BIBLIOTECA”

Do 14 ao 18 de marzo celebramos a semana da prensa, todos visitamos a nosa biblioteca, atopando alí moitos xornais de diferentes sitios de Galiza, España e outros países do mundo.

Realizando a continuación o seguintes traballos por aula.

4º de Educación Infantil traballaron sobre a PUBLICIDADE

5º de Educación Infantil traballaron sobre o TEMPO ATMOSFÉRICO

6º de Educación Infantil tocoulles o LECER

1º de Educación Primaria fixérono sobre os DEPORTES

2º de Educación Primaria NOTICIAS LOCAIS

3º de Educación Primaria NOTICIA NACIONAL

4º de Educación Primaria MARITIMA

5º de Educación Primaria ENTREVISTA “

6ºA de Educación Primaria INTERNACIONAL E EDUCACIÓN

6ºB de Educación Primaria ECONOMÍA



Os deixamos na páxina web do cole unha presentación desta actividades que realizamos na nosa biblioteca para celebrar a SEMANA DA PRENSA.

SEMANA DO LIBRO



Do 25 ao 29 de abril celebramos a semana do libro coa seguinte actividade.

"ART IN BOOKS" , Máis Arte nos libros"

Decoramos as portadas e interiores dalgúns libros con debuxos. Cada alumno decorou algunha parte coa súa idea e imaxinación.



¡ Quedaron así de chulos!





Visitounos Carlos Labraña





EQUIPO DE BIBLIOTECA

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

PREMIOS ÁS CABAZAS MÁIS ORIXINAIS...



1º: ZELTIA 6ºB



2º: AIMAR 6ºA



3º: ALANA 6ºEI

PREMIOS ÁS CABAZAS MÁIS TERRORÍFICAS...



1º: DANIELA 6ºA



2º: AARÓN 6ºEI



3º: MARTÍN 6ºA

MAGOSTO



Amigo invisible:
felicitamos o Nadal en galego

NADAL

Concurso de talentos



Visita dos Reis Magos

REMEXENDO NO PASADO





CINCUENTA ANOS CON CARIÑO

Aínda que pode haber ensino sen local específico e incluso sen local algún, coincidiremos en considerar o edificio como o contexto escolar básico para o desenvolvemento da actividade didáctica. É ben certo que restrinxir esta actividade a unha superficie limitada por paredes é unha visión moi reducida do que debe constituír un proceso que será tanto máis enriquecedor canto máis amplo e variado sexa o horizonte no que se desenvolve. A este respecto,

podemos afirmar con orgullo e rotundidade que as sucesivas xeracións de nenas e nenos de Cariño disfrutaron sempre da oportunidade de seguir aprendendo fóra dos límites que marca un recinto espacial e protagonizaron experiencias desenvolvidas a moita distancia. A condición periférica da nosa vila non supuxo excesiva dificultade á hora de presentarnos en lugares que demandaban tempo para o desplazamento, moita ilusión e recursos económicos que, con dedicación, esforzo e xenerosidade por parte da sociedade que nos acolle, iamos achegando. Isto constitúe motivo de satisfacción, exemplo e incentivo para que as xeracións vindeiras perpetúen esta intención de proxectarnos alén dos muros do recinto que nos acolle.

Podemos afirmar que a escola pública como institución nace en España coas Cortes de Cádiz. A Constitución de 1812 (a "Pepa") declara, por primeira vez, que a educación é un servizo que compete ao Estado e é por iso que se crea a Xunta de Instrución Pública. É sintomático que a primeira distribución de competencias educativas asigne aos concellos o "ensino popular" e ao Estado a superior. Se os concellos non dispoñen de recursos debe ser a Deputación quen afronte os custos. Nos anos vinte do século pasado recoñécese a incapacidade económica dos concellos e un decreto aborda a construción dos centros polo Estado. Será no Quinquenio Republicano cando se configure o Primeiro Plano de Construcións Escolares. O período que vén despois da guerra civil será claramente deficitario e ata 1957 non vai comezar unha secuencia de plans para reactivar a edificación de escolas.

Feita esta consideración inicial, é evidente que cando falamos da celebración do cincuentenario do colexio de Cariño estémonos referindo a unha institución que ten a súa sede nun edificio que comezou a funcionar no ano 1972 como consecuencia do desenvolvemento da Lei Xeral de Educación aprobada despois da chegada ao ministerio de José Luis Villar Palasí (que tamén deu nome á Lei). Un anuncio publicado no BOE (Boletín Oficial do Estado) do 6 de xaneiro de 1970, facía pública a resolución da Xunta Provincial de Construcións Escolares de A Coruña pola que se anunciaba a poxa para contratar as obras de construción dunha Escola Comarcal de dezaseis seccións e dependencias anexas en Cariño. Ese anuncio é o punto de partida dun proxecto que se plasmaría na construción que cumpre cincuenta anos neste curso e que non sempre tivo a mesma configuración. Con todo, ata chegar a esta etapa, podemos sinalar algúns antecedentes de construcións

escolares no que hoxe é o concello cariñés sen esquecer as desinteresadas aportacións que algunhas persoas (singularmente os emigrantes coñecidos como indianos) ou institucións (a Confraría de Pescadores) fixeron para que a actividade docente se puidera desenvolver en lugares axeitados. Citaremos algunhas disposicións legais.

- * Orde do 29 de maio de 1952 pola que se invita ao Concello de Ortigueira (A Coruña) para construír un grupo escolar, cun total de sete seccións, na vila de Cariño (BOE do 31 de xullo de 1952).
- * Orde do 3 de xuño de 1957 pola que se eleva a definitiva a adxudicación das obras de construción de Escolas en A Pedra-Ortigueira (BOE do 25 de xullo de 1957). Hai que resaltar que esta construción, moi avanzada para a época, contaba con comedor e roupeiro escolares e vivendas para os Mestres.
- * A xa citada Resolución da Xunta Provincial de Construcións Escolares de A Coruña pola que se anuncia poxa para contratar a execución das obras de construción dunha Escola Comarcal de 16 seccións e dependencias anexas en Cariño, Concello de Ortigueira (BOE do 6 de xaneiro de 1970).
- * Orde do 30 de abril de 1976 sobre creación, modificación e funcionamento de Centros Estatais de Educación Xeral Básica e Preescolar. Concello: Ortigueira. Localidade: Cariño. Ampliación do Colexio Nacional Mixto Comarcal, que contará con dezoito unidades escolares - a Dirección con curso (dúas unidades escolares de asistencia mixta, oito unidades escolares de nenos -unha delas dependente do Consello Escolar Primario de Orientación Marítima- e oito unidades escolares de nenas - unha delas dependente do Consello Escolar Primario de Orientación Marítima . A tal efecto, créanse dúas unidades escolares mixtas para funcionar en locais provisionais (BOE do 19 de xuño de 1976). Como se pode comprobar, o aumento demográfico que experimentaban Cariño e as parroquias que anos máis tarde comporían o Concello fixeron necesaria esta ampliación, obra que se plasmou construindo sobre o patio cuberto. A ubicación do recinto sobre terreos de Costas non era, daquela, obstáculo algún. Co paso do tempo as modificacións que se proxectaban sobre o recinto si que comezaron a manifestar a necesidade de negociar con este organismo do Estado. Obsérvase que a maioría das unidades existentes ou as que se creaban contemplaban a segregación por sexo.
- * Orde de 22 de setembro de 1979 sobre creación, ampliación, supresión, transformación, etc., de Centros docentes estatais de Educación Xeral Básica e Preescolar nas provincias de Ciudad Real, A Coruña, Granada, Huelva e Lleida. Concello: Ortigueira. Localidade: Cariño. Ampliación do Colexio Nacional Mixto Comarcal «Manuel Fraga Iribarne», domiciliado en A Solana-Cariño, que contará con 24 unidades escolares mixtas de EXB, tres unidades escolares de Educación Preescolar (párvulos) e Dirección con función docente. A tal efecto, créanse seis unidades escolares mixtas de EXB, tres unidades escolares de Educación Preescolar (párvulos) e a praza de Dirección con función docente, e transfórmanse as oito unidades escolares de nenos e as oito unidades escolares de nenas, existentes no Centro, en 10

unidades escolares mixtas de EXB. Autorízase a denominación de «Manuel Fraga Iribarne» para este Centro. Faise constar que unha unidade escolar de nenos e unha unidade escolar de nenas que dependían do Consello Escolar Primario de Orientación Marítima, transfórmanse en de réxime ordinario de provisión, recoñecéndose aos Profesores, propietarios definitivos destas unidades escolares, o dereito a servir as súas propias prazas. Como se pode apreciar, as unidades que antes pertencían a Orientación Marítima pasan a ser integradas no Colexio, se ben unha uha delas segue a funcionar nunha aula do edificio da Confraría e as de Preescolar continuarán no Lavadero durante varios anos máis. En A Pedra segue a funcionar, cunha breve interrupción, outra unidade no que é actualmente o Punto de Atención á Infancia (PAI), se ben esta unidade aínda tardaría uns cursos en integrarse no colexio. Dous aspectos destacan nesta disposición legal: as unidades non segregan xa por sexo e o colexio pasa a ter a denominación oficial que ostenta na actualidade.

Todas estas modificacións tiñan como base normativa a Lei Xeral de Educación e os cursos estaban delimitados pola Educación Xeral Básica, que establecía como idade escolar obrigatoria a comprendida entre os seis e os catorce anos. A chegada da Lei de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOXSE) veu significar unha considerable modificación das etapas ao ampliar o período obrigado de asistencia ata os dezaseis anos e a ubicación do alumnado de ESO (Ensino Secundario Obrigatorio) nos institutos. Logo dun período transitorio no que alumnas e alumnos de 1º e 2º desta etapa continuaron no colexio mentres se consolidaba a rede de centros, é a partires do ano 2000 cando, coa marcha deste alumnado para o IES, quedan liberadas as aulas que van permitir o traslado das unidades de Educación Infantil para o colexio. O descenso continuado da taxa de natalidade anual xa viña anticipando a diminución do número de unidades, se ben a aparición de novas especialidades viuse favorecida pola dispoñibilidade destes espazos que quedaban baleiros para o desenvolvemento de clases específicas: música, inglés, pedagogía terapéutica, audición e linguaxe, relixión, biblioteca, informática, robótica...

Este é un percorrido moi sintético de como naceu este centro hai cincuenta anos, dalgúns dos seus antecedentes e das súas transformacións ata chegar ao que é hoxe. Pero falta o esencial: a vida mesma da institución, a das persoas e colectivos que por ela pasaron e que, por telo feito, nela quedan coa súa lembranza, coas súas emocións, cos seus afectos. Recoller nunhas liñas todo este conxunto é imposible porque cada quen ten a súa traxectoria, a súa perspectiva. En todo caso, quede constancia de que o colexio foi, é e será lugar de acollida para formar personalidades individuais e colectivas, para transmitir valores e coñecementos, para compartir etapas tan importantes na vida e nas vidas. Cos seus cincuenta anos, o colexio está en plena madurez pero coa enerxía suficiente para seguir formando xeracións de cariñesas e cariñeses. Para seguir sendo o que é, en definitiva, un colexio de CARIÑO.

Equipo de Dinamización da Lingua Galega

LOGO para o COLE DE CARIÑO

Co gallo do noso **50** aniversario decidimos convocar un concurso para elixir o logo do noso centro.


Ainda que a participación non foi moita, estes días o equipo TIC ven de emitir o seu fallo.


Antes da fin do curso farase público e entregárase o premio ao gañador ou gañadora. O resto dos participantes tamén terán un pequeno agasallo.

A continuación amosamos os logos presentados ao concurso. Entre eles atópase o gañador.



MANUEL FRAGA IRIBARNE
CEIP






CEIP Manuel Fraga Iribarne
CARIÑO



Pasatempos

🧩 Seredes capaces de atopar os nomes das persoas adultas do noso cole?



Verticais

1. A nosa Rosalía
3. A profe que nos sacaba os corazóns en música
5. Coida e axuda aos nenos que o necesitan
8. O seu nome rima con mandarina
10. A profe de auxilio
11. O profe surfista
12. Algúns din que é Multileo
14. Primo de Multileo
15. As profes con nome xemelgo
20. A profe do xel da mañá

Horizontais


2. Rima con vide sen o e
4. A mandona do colexio
6. A profe de LOVA
7. O profe máis xoven que tivemos este curso
9. O profe máis divertido de inglés
12. O noso conserxe
15. A profe musical
17. Rima con cara
18. Abandonounos como profe de Educación física
19. A máis berrona
21. É a profe máis veterana




DIA DAS
LETRAS
GALEGAS
2022



FLORENCIO



O ESPIGONCIÑO



Lucía 6º E.I



Subvencionado pola
Consellería de Educación e O.U.
Secretaría Xeral de Política lingüística